

## **Características da rede e servizos**

A infraestrutura wimax que dará cobertura ao Casco Histórico de Santiago estará formada por tres estacións base em prazadas no entorno dos montes Pedroso e Gaiás e na Facultade de Xeografía e Historia.

O acceso a internet será de pagamento e para este servizo establécense, dentro da zona de cobertura WIMAX, dúas tipoloxías definidas denominadas *Residencial*, dirixido a particulares e *Empresarial*, dirixido ás PEMES. A modalidade para particulares incluíra o servizo básico de acceso a Internet con 512 Kbps de baixada e 256 Kbps de subida, instalación incluída, asistencia telefónica no horario laborable (De 9 a 18 horas de luns a venres) e sen límite de descargas (ou limitación a 10GB). Pola súa banda a modalidade dirixida a empresas contempla o servizo de acceso profesional a Internet, con 1 Mbps de baixada e 512 Kbps de subida, instalación incluída, asistencia telefónica no horario laborable (9-18 horas de Luns a Venres) e sen límite de descarga. A cota mensual para o servizo residencial será de 25 euro e a profesional de 39. Ademais existirá a posibilidade de conexións temporais á rede mediante a adquisición de bonos

Este servizo non pode ser gratuito polas reiteradas disposicións da Comisión do Mercado das Comunicacións (CMT) ao respecto, as últimas deste mesmo mes en resposta ás consultas formuladas polos Concellos de Málaga e Santa Cruz de Tenerife. A CMT establece que unha administración non pode dar conexión gratuita á cidadanía porque supón unha interferencia na libre competencia. Consonte con esta doutrina, limita o servizo de cortesía de acceso gratuito. Estes límites a tinxen á limitación temporal e de servizos (restrínxese a navegación e o correo, descarta os programas de intercambio de arquivos...).

A rede que despregará o Concello de Santiago terá como denominados “**servizos de cortesía**” o acceso gratuito a través dun denominado “portal captivo” limitado temporalmente a un máximo de tempo no tocante ao acceso xa que só se pode acceder a páxinas de administracións públicas

Esta rede dará cobertura wifi en once **espazos públicos** da Cidade Vella de xeito que a cidadanía poida ter acceso aos servizos de intranet do Concello de Santiago e, eventualmente, ao propio internet por medio de dispositivos que incorporen esta tecnoloxía (computadores portátiles, PDAs, etc.).

Tamén existirá un **servizo de información contextual**, que lle dará ao usuario información relativa á localización en que se atopa (ruíro, monumentos, etc...). Este servizo estará en



probas no ano 2008 con 30 usuarios concorrentes, para converterse ao longo do 2009 nun servizo plenamente en funcionamento.

Este cuarto servizo será de grande interese para o gran fluxo de turistas en tránsito que diariamente visitan a cidade de Santiago e o casco histórico da cidade. Ofreceráse **información de recursos turísticos** (hoteis, restaurantes, etc.); **información de Turismo relixioso** coa posibilidade que ademais da tradicional información relacionada co **patrimonio cultural e histórico**, poderán obterse, se o cidadán o desexa, alertas instantáneas relativas a eventos de tipo relixioso. Tamén poderá obterse **información xenérica relativa ao camiño de Santiago**.